

Nº EXPTE: 49/2022

**SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE**

**CERTIFICO**

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense na sesión ordinaria que tivo lugar o 17/06/2022 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

*1.- Aprobar o convenio de uso das instalacións deportivas municipais, nos termos convidados no mesmo, para o adestramento e competición en temporada anual con vixencia ata o 31 de maio de 2022, entre o Consello Municipal de Deportes de Ourense e o FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS, con C.I.F: G15109267.*

*2.- Notificarlle o acordo ó interesado, de conformidade co establecido nos artigos 40 a44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e emprazalo para a sinatura do convenio.*

*4.- Autorizar ao Presidente do Consello para a sinatura do convenio.*

*5.- Contra este acordo que pon fin á vía administrativa pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados dende o día hábil seguinte ó da recepción da notificación de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.*

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

